# NO ESPAZO E NA VOZ LEMOS O TEMPO

## TALLER DE ARTISTA IMPARTIDO POR CLAUDIO ZULIAN



Claudio Zulian: *Vidas*, 2022

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Do 15 ao 18 de novembro

Horario: de 17:00 a 20:00 h

Unha cidade é un organismo complexo. Persoas con culturas moi diferentes, espazos habitacionais ou públicos que cambiaron en varias épocas de uso, loitas políticas ou sociais que reflicten as súas tensións no urbanismo e na arquitectura, a historia natural do lugar, a historia do mundo e as influencias globais; todo iso dálle forma á cidade e á vida que a habita. Achegarse a ela significa, antes que nada, o abandono de todo prexuízo. Un exercicio máis difícil do que parece porque incluso os nosos ollos están cheos deles: algúns detalles dos edificios non os vemos porque non nos parecen significantes.

Por todo iso, unha cidade é un enorme dispositivo de producir cultura e, neste sentido, ningún achegamento a ela é neutro, senón que pasa a formar parte inmediatamente da propia vida da cidade.

Para lles dar un sentido concreto a todas estas cuestións, neste taller centrarémonos no compostelán barrio de San Pedro, adxacente ao CGAC.

Durante catro días, a partir das experiencias do artista Claudio Zulian en diferentes cidades e en consonancia co perfil dos participantes, levaremos a cabo algúns exercicios de lectura e escoita do barrio, e exploraremos posibles camiños de concreta produción cultural, tanto artística como académica ou sociopolítica.

Persoas destinatarias: Profesionais, estudantado ou persoas interesadas na arte, o cine, a fotografía, o periodismo, a antropoloxía, a socioloxía ou a filosofía, así como persoas interesadas no traballo sociocultural tanto no ámbito urbano como no rural.

CLAUDIO ZULIAN (Campodarsego, Padua, Italia, 1960)
Artista visual e sonoro, director de cine e documentais, músico e escritor. Nacido en Italia, actualmente vive en Barcelona. É doutor en Estética, Ciencia e Tecnoloxía das Artes pola Universidade de París-Saint Denis (Francia). As súas obras artísticas e as súas películas tiveron unha difusión internacional. Entre as súas

Una ciudad es un organismo complejo. Personas con culturas muy diferentes, espacios habitacionales o públicos que han cambiado en varias épocas de uso, luchas políticas o sociales que reflejan sus tensiones en el urbanismo y la arquitectura, la historia natural del lugar, la historia del mundo y las influencias globales; todo ello da forma a la ciudad y a la vida que la habita. Acercarse a ella significa, antes que nada, el abandono de todo prejuicio. Un ejercicio más difícil de lo que parece, porque incluso nuestros ojos están llenos de ellos: algunos detalles de los edificios no los vemos, porque no nos parecen significantes.

Por todo ello, una ciudad es un enorme dispositivo de producir cultura y, en este sentido, ningún acercamiento a ella es neutro, sino que pasa a formar parte inmediatamente de la propia vida de la ciudad.

Para dar un sentido concreto a todas estas cuestiones, en este taller nos centraremos en el compostelano barrio de San Pedro, adyacente al CGAC.

Durante cuatro días, a partir de las experiencias del artista Claudio Zulian en diferentes ciudades y en consonancia con el perfil de los participantes, llevaremos a cabo algunos ejercicios de lectura y escucha del barrio, y exploraremos posibles caminos de concreta producción cultural, tanto artística como académica o sociopolítica.

Personas destinatarias: Profesionales, estudiantes o personas interesadas en el arte, el cine, la fotografía, el periodismo, la antropología, la sociología o la filosofía, así como personas interesadas en el trabajo sociocultural tanto en el ámbito urbano como en el rural.

CLAUDIO ZULIAN (Campodarsego, Padua, Italia, 1960)
Artista visual y sonoro, director de cine y documentales, músico y escritor. Nacido en Italia, actualmente vive en Barcelona. Es doctor en Estética, Ciencia y Tecnología de las Artes por la Universidad de París-Saint Denis (Francia). Sus obras artísticas y sus películas han tenido una difusión internacional. Entre sus exposiciones destacan *Histoires*

exposicións destacan *Histoires d'avenir* (Jeu de Paume, París, 2013) e Vidas (CGAC, Santiago de Compostela, 2022). En 2022 estrea a súa última película: *La montagna incantata*. As súas anteriores longametraxes pódense ver en diferentes plataformas na Rede.
Máis información en www.claudiozulian.com.

INSCRICIÓN
As persoas interesadas poden inscribirse enviando unha mensaxe electrónica a cgac.educacion@xunta.gal. As solicitudes deberán incluír os seguintes datos: nome e apelidos, DNI, área de traballo ou interese, un enderezo de correo electrónico e un teléfono de contacto. Unha vez aceptada a solicitude, as persoas inscritas recibirán as indicacións precisas para facer efectiva a matrícula.

PRAZO DE INSCRICIÓN: ata o 14 de novembro ás 13:00 h

PRAZAS: 20

MATRÍCULA: 20 €

CERTIFICACIÓN: O CGAC entregaralles un certificado a todas aquelas persoas que asistan, como mínimo, ao 75 % das sesións.

COORDINACIÓN: Virginia Villar

*d'avenir* (Jeu de Paume, París, 2013) y *Vidas* (CGAC, Santiago de Compostela, 2022). En 2022 estrena su última película *La montagna incantata*. Sus anteriores largometrajes se pueden ver en diferentes plataformas en la red.
Más información en www.claudiozulian.com.

INSCRIPCIÓN
Las personas interesadas pueden inscribirse enviando un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.gal. Las solicitudes deberán incluir los siguientes datos: nombre y apellidos, DNI, área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto. Una vez aceptada la solicitud, las personas inscritas recibirán las indicaciones precisas para hacer efectiva la matrícula.

PLAZO DE INSCRIPCIÓN: hasta 14 de noviembre a las 13:00 h

PLAZAS: 20

MATRÍCULA: 20 €

CERTIFICACIÓN: El CGAC entregará un certificado a todas aquellas personas que asistan, como mínimo, al 75 % de las sesiones.

COORDINACIÓN: Virginia Villar

CGAC
DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN
Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602
cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal

XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 21·22